

# Vilasantar *sempre*

SETEMBRO 2014 BIM nº 3

INFORMA SOBRE A ACTUALIDADE DO CONCELLO DE VILASANTAR

Boas veciños de Vilasantar; estamos de novo con vós e co número 3 do boletín municipal. Dende aquí, queremos informar das xestións destes meses e das obras e actividades feitas e que están por facer.

## REUNIÓN DO PXOM EN VILASANTAR

Como xa sabedes, o **PXOM** aprobouse inicialmente; logo presentáronse as alegacións que estimastes oportunas. Estas alegacións déronse o equipo redactor para estudalas e contestalas unha por unha; dicir que, a meirande parte delas, teñen que ver con discrepancias no tipo de solo rústico de protección, sexa agrario ou forestal. Aínda quedan por chegar varios informes sectoriais de varios organismos e dende aquí queremos deixar claro que o PXOM aprobarase provisionalmente sempre e cando sea beneficioso para a maioría dos nosos veciños, e dicir, que as alegacións sean maioritariamente favorábeis.



En relación ás **Parcelarias** dicir que queda por facer a fase da rede principal dos camiños, que é a máis custosa (o custo da de Barbeito é 1.481.137 €, un pouco menos a de San Vicente). Nestes últimos anos de crise, a Xunta dedicouse a facer traballos administrativos e non sacou adiante nengunha red principal de camiños e na Dirección Xeral de medio rural din que cando os saquen a contratar, irán as parcelarias eminentemente gandeiras, o cal é o noso caso. Comentar que na de San Vicente están rematando os informes dos recursos das bases definitivas.

Informamos que Fenosa Wind, adxudicataria para facer o **Parque eólico Corda-Cruceiro**, renuncia á construción de cinco parques, entre eles o noso, o de

Mesía ou o de Toques. Falan de "falta de viabilidade económica" o non recibir incentivos á produción (primas). Oficialmente aínda non recibimos escrito ningún.

Continuamos, tamén, coas xestións ante a Consellería de Sanidade, mantendo unha nova xuntanza durante o verán, no cal nos manifestan que están a traballar intensamente para ter listo o novo decreto de **Policía Sanitaria Mortuoria** o que permitirá unha solución definitiva e xeral da problemática que afecta a moitos cemiterios da nosa comunidade. A aprobación permitirá, entre outros, regularizar a situación da ampliación do cemiterio de San Vicente.

## ARRANXO DAS BEIRARRÚAS DE VILASANTAR

Grazas a insistencia do Concello, por fin, a Xunta "amañou" as beirarrúas de Vilasantar, as cales se atopaban nun estado lamentable dende fai varios anos. As actuacións feitas son: o colocade de firme e bordillos, rampas de acceso e barandilla. Dicir que conseguimos o compromiso da Xunta de facer durante



este ano un proxecto completo do amaño integral destas beirarrúas o cal se executará durante o ano 2015 e permitirá entre outras actuacións, achegar as beirarrúas o novo cemiterio de Vilasantar.

## NOVA PASARELA EN PRÉSARAS

Por fin o Concello soluciona o problema que tiñan os veciños de Présaras para cruzar a estrada AC-840, que divide o pobo en dous, podendo agora evitar así os 17 metros que mide o cruce e o conseqüente perigo que conleva. A solución adoptada foi a colocación dunha pasarela peonil por riba da ponte existente e a construción dunha senda peonil. A obra contou co permiso de estradas.



## LOCAL SOCIAL DE VILARIÑO

Rematouse o amaño do local social de Vilariño, que consistiu no picado das fachadas, o rexuntado da pedra da pranta baixa, posta de mortero monocapa na pranta alta, posta de pedra nos recercos de ventás e portas, canalón e uralita nova co reforzo de todo o tellado; isto último permitirá "gañar" o local da pranta alta e solicitar unha nova subvención para poñer a tella e amañar o local interior da pranta alta (chan e paredes).



## NOVO ESPAZO INFANTIL NO COLEXIO

Aproveitando as vacacións no cole de Présaras, o Concello fixo a limpeza xeral, reparación e mantemento das aulas e instalacións do centro, destacando a creación dun novo espazo infantil e deportivo no colexio. A antiga pista deportiva, que levaba tempo pechada polo mal estado do firme, amañouse íntegramente coa demolición do formigón existente, drenaxe e canalización de auga, colocación de novo chan e xogos infantís.



## NOVO DEPÓSITO DE AUGA PARA SAN VICENTE

Comezaron as obras de construción do depósito de auga municipal na parroquia de San Vicente. Esta primeira fase do proxecto ten un custo de 160.000 €, e a parte do depósito, colocarase un pequeno tramo da rede de distribución. Comprouse tamén, o terreo onde vai o depósito e a parcela onde irá a captación.

A auga baixará polo seu peso dende a captación cara o depósito e dende alí distribuirase a todas as aldeas da parroquia, colocándose, a maiores, unha bomba que impulsará ás aldeas de cota máis alta (Casavella, Xemerás).

Estase preparando o proxecto da segunda fase que será a construción da captación e outro tramo de rede.



## REDE DE PISTAS DO CONCELLO

### Aglomerado na pista que vai ó Priorato

Rematou a obra de ensanchado e aglomerado da pista que vai á igrexa de Mezonzo; solucionando, tamén así, o problema que tiñan os autocares ó entrar e saír desta pista cara a estrada Betanzos-Melide.

Agardamos, tamén, que a Deputación nos subvencione a nosa petición de ancheado e aglomerado do tramo da pista que vai cara a Vilariño.



### Asfaltado de pistas

Amañáronse durante o verán pistas en Faxilde, Sampaio, Carapetelo, Ril, central de Barbeito, pista cooperativa Mezonzo, Mende, do Bao a Dias, a Fraga, Fraga a Tamou, por riba do xardín botánico, Cencasas, camiño Parrando, camiño no Vento e Liñares, interior Follente. Seguirase durante este ano amañando algunha pista máis.





## RETIRADA DE VOLUMINOSOS

Tamén durante o verán retiráronse os voluminosos, lixo de grandes dimensións que non se pode botar nos contedores normais. Faise nesta época do ano xa que é cando máis veciños hay. Lembrade que podeades ir apuntándoos para a seguinte recollida chamando ó Concello.

## AFORRO ENERXÉTICO NO CONCELLO

O concello instalou, neste verán, no campo de fútbol municipal paneis de enerxía solar térmica. Isto implica a redución nun 60 % na factura eléctrica e aumentando, tamén así, o confort no uso da auga quente, que pasa dos 200 litros de capacidade ós 700 actuais.



Está a piques de comezar a obra de aforro enerxético consistente en cambiar luminarias (farolas) do Concello por un importe de 60.000 € grazas a subvención solicitada e concedida ó INEGA. As actuacións serán onde existe máis consumo, que é nos núcleos de Présaras-Cruceiro e Vilasantar. Tamén nalgúns puntos rurais. A maioría da tecnoloxía a utilizar será Led e hay unha previsión de aforro anual mínimo de 16.000€. Asimesmo colocaranse farolas Leds na zona da senda peonil de Sesmonde (Coto dos corzos), xa que carece de iluminación. Tamén se poñerán a funcionar os paneis fotovoltaicos situados detrás do Concello.

## ACTIVIDADES

### Campus Alex Bergantiños Educa en Igualdade

Dende o 30 de xuño ó 26 de xullo desenvolvemos na Escola Ecolóxica de Vilasantar o segundo Campus Alex Bergantiños. Un total de 112 nenos e nenas de Vilasantar, Sobrado, Curtis, Arzúa, Mesía,



Ordes, Boimorto, Culleredo, A Coruña, Oroso, participaron en actividades como educafútbol, xogos coeducativos, elaboración do periódico deportivo, encontro co panel de bos comportamentos, dinámicas de igualdade, dinámicas cooperativas/coeducativas, olimpiada pola igualdade,

sendeirismo, actividades na piscina, gymkana e excursións á praia e ós entrenamentos do Depor.

No Campus non só se fomentou o deporte, senon que se traballou pola igualdade, a cooperación e o traballo en equipo, a creatividade e sobre todo, pola adquisición de habilidades sociais, e dicir para que os nosos nenos e nenas aprederan a respectar as persoas, a escoitar e expresarse de modo adecuado, aceptar normas de comportamento e hixiene, axudar ós demais e a non entrar en pelexas e conflitos. Álex Bergantiños visitou o Campus, moi cercano xogou unha pachanga cos nenos e nenas, regalounos camisetas e botas oficiais. O Alcalde, pola súa parte, como mostra de agradecemento, entregoulle unha placa e produtos da nosa terra.

### Os Bolechas nas Terras de Vilasantar

Tivemos a visita do creador dos Bolechas na Escola ecolóxica, o cal ensinou os nosos nenos cómo se debuxan as súas personaxes e fixo entrega dun conto dos bolechas onde sae o noso Concello. Asimesmo aproveitamos para ensinarlle a escola ós nosos nenos e rapaces.



### Os Nossos Miores

O día 7 de xuño celebrouse, coma todos os anos, a **festa dos nosos maiores**. Destacar o labor feito



por os traballadores municipais, quenes organizaron e fixeron todo o traballo. Agradecer, dende aquí, ó noso cura Don Miguel, por celebrar a primeira misa na honra de todos os nosos maiores. Grazas. O 30 de xullo, tivemos a **excursión dos maiores** do Concello, visitando a cidade de Tui e Vigo.



### Piscina

Tamén durante o verán houbo, cando o tempo o permitiu, gran afluencia de veciños á **piscina**, a cal sigue sendo gratuita.



### Curso de Cociña

Dende o verán estase impartindo na escola ecolóxica un curso de cociña. Tódolos mércores, dende as 17 horas ata as 19 horas, nenos e maiores comparten clase cos cociñeiros Xuan e Inés (cociñeira e xerente do hotel rústico Lar da Mota); son 4 € por día e o remate hay degustación. Queremos animar dende aquí a que vos acerquedes os mércores. Non vos arrepentiredes!



### Aula Informática e máis actividades

Dende o 1 de outubro, retomamos a actividade na aula CeMIT do Concello con variedade de cursos ofertados, dentro dos seguintes grupos: iniciación básica en informática, administración electrónica, ofimática, desempregados, ocio e servizos na rede, redes sociais...; así como as actividades semanais, tanto para adultos coma para nenos.

Tamén dende o 1 de outubro comezarán o resto de actividades deportivas para todas as idades;

ximnasia, piscina, fútbol sala, bádminton..., e as puntuais, como senderismo e balneario. Asimesmo, darán comezo os talleres de memoria.

O noso Concello, como ben sabedes, é dos que menos habitantes ten e aínda así seguimos ampliando a oferta de actividades e dende aquí queremos animarvos a que participedes nelas, xa que así seguiremos conseguindo axudas e subvencións, o que implica que o Concello siga con vida.

### PRÓXIMAS OBRAS

#### Novo Firme

Unha das novas actuacións a realizar será na zona de Sesmonde, a pista que limita co Concello de Curtis, e que se sitúa entre a estrada AC-840 e o camiño provincial DP-3204. O tramo ten arredor dos 150 metros de longo e un ancho de 3,20 metros, carecendo ademais de beirarrúas. Cara esta pista dan varias parcelas de veciños de Vilasantar e pretendemos dar solución á problemática actual, garantido un millor servizo para o tráfico rodado e para a seguridade dos nosos veciños.

As obras consistirán na ampliación do vial ós 6 metros; diferenciando a zona peonil de 1 metro de ancho, da zona de tránsito de vehículos, de 5 metros. Farase en aglomerado en quente de 8 cm de espesor.



#### Fixación dos Contedores do Lixo

Un dos problemas que ten provocado varios sustos é o desprazamento dos contedores do lixo, ben sexa polo efecto do vento ou polo emprazamento onde se atopan, como poden ser fortes pendentes ou zonas abruptas do terreo. A solución adoptada polo Concello será unha cimentación onde sexa necesario e soportes para a fixación dos contedores, que impidan o seu desprazamento. Os traballos realizaranse nos contedores de todas as aldeas do Concello.

Queremos recordar dende aquí, que no noso Concello existen parcelas, solares, terreos urbanos ou próximos ás casas nos que non se efectúa unha limpeza periódica, sendo susceptibles de prender lume e resultan, tamén, un foco de "bichería"; en consecuencia, unha ameaza para a saúde e seguranza das persoas. Cómpre lembrar que, según a ley de incendios, os propietarios están obrigados a facer os traballos para conservalos en boas condicións.

Para calquer consulta, duda, suxestión, recordámosvos que as portas do Concello e da Alcaldía están sempre abertas para vós; non duvidedes en vir, chamar ou poñerse en contacto con calquera concelleiro para resolver calquer tipo de asunto. Estamos ó voso servizo!.

### ORIENTADORA LABORAL E PSICÓLOGA

Prorrogáronse por un ano máis, os convenios ca orientadora laboral e co CIM (centro información á muller). Todos os mércores, en horario de 12 a 15 horas, está a orientadora laboral a disposición dos veciños para orientalos e axudalos na busca de emprego. Asimesmo, a psicóloga e abogada están mércores alternos de 9 a 11 horas.

### SUBVENCIÓNS E AXUDAS

Recordar que o Concello, saca subvencións para as asociacións sen ánimo de lucro inscritas en Vilasantar. Tamén concede axudas para rapaces que estudan bachiller, FP ou equivalente e non dispoñen de transporte gratuito. Asimesmo, existen axudas do Concello, para emerxencia social, destinadas a familias ou veciños faltos de recursos. Tamén para os máis necesitados, existe a posibilidade dunha entrega mensual de alimentos. Para calquera destas dúas axudas haberá que contactar cos servizos sociais do Concello, os cales farán un informe de valoración.

### BRIGADA DE INCENDIOS

Un ano máis, o concello contratou cinco persoas para a brigada contraincendios. Están dende xullo ata o 15 de outubro e coordinaos o Distrito Forestal de Betanzos; fan, a maiores, actuacións de desbroce e limpeza en camiños forestais do noso concello.

### VOLUNTARIOS

Por segundo ano consecutivo, o Concello sacou adiante o programa dos voluntarios. Cinco dos nosos xóvenes, nos meses de xullo, agosto e setembro colaboraron, entre outras, na realización das actividades do Campus, da piscina e das aulas de informática.